

Acta Asemblea en Común Ordinaria

Data: Xoves 17 de setembro de 2015

Lugar: Local OueC (As Burgas)

Hora: 20h

1.) Informe dos Grupos de Traballo

GT APERTURA:

Dáse conta dos seguintes puntos de traballo:

- **Encontros de Barrio:**

Activación grupo de traballo barrio da Ponte (22 de setembro):

<https://www.facebook.com/events/1218316424860610/>

Mapeo e diagnose do Barrio das Eiroás (6 outubro)

- **Protocolo de asistencia a actos:**

Perante a petición constante de apoio do GT Institucional decidiuse redactar o seguinte protocolo:

*Ourense en común aceptará todos os convites que reciba para asistir a actos públicos sempre e cando a súa asistencia se produza **nun marco de ausencia de privilexios con respecto ás demais persoas asistentes**. Exemplos: Non se aceptará presenza en palcos especiais, zonas vip ou zonas acoutadas.*

*No caso de tratarse de eventos nos que sexa necesaria a **adquisición dunha entrada**, Ourense en común non aceptará convites que supoñan o acceso gratuíto e sempre abonará a cantidade necesaria para acceder aos mesmos.*

*Asemade, **declinaranse os convites a actos festivos de carácter relixioso por entenderse que unha única confesión non dá reflexo á pluralidade ideolóxica e de crenzas da cidadanía de Ourense.***

*Nos casos non especificados neste regulamento será o **GT de Apertura o órgano competente que dirima cada caso particular.***

*Ourense en común entende o labor de representación institucional das persoas electas dende un punto de vista de participación sostible e sempre **terá en conta a súa dispoñibilidade á hora de aceptar participación en eventos de carácter lúdico, deportivo ou cultural.** Outras persoas de Ourense en común poderán actuar como representación oficial da candidatura municipalista cando así lles sexa requirido por parte do GT Institucional.*

Sométese ao referendo da asemblea. Apróbase.

- **Encontros pola confluencia:**

Mantívose reunións coas seguintes organizacións:

- Podemos Galicia: <http://ourenseencomun.info/xuntanza-podemos-galiza/>
- Marea Galega: <http://ourenseencomun.info/reunion-coa-marea-galega/>
- BNG Ourense: <https://titanpad.com/GT-Apertura-OUeC-ActaReunionBNGOurense001>

Participouse no **Encontro de Forzas Emerxentes da Provincia de Ourense**. Pode consultarse unha síntese deste no PAD colaborativo: <https://titanpad.com/IEncontroForzasEmerxentesOurense>

Perante a necesidade de posicionamento de OUeC en termos de confluencia supramunicipal propónse o seguinte comunicado:

Comunicado de OUeC en relación aos procesos de confluencia nas vindeiras eleccións.

Ourense en común naceu como proceso de confluencia entre persoas colectivos e organizacións que compartían un desexo común: facer fronte á deriva antidemocrática das institucións municipais para gobernalas poñéndoas ao servizo do ben común.

Este proceso construíuse dende a horizontalidade, dando voz a cada unha das persoas que participaban nel a través dunha asemblea veciñal soberana e da organización en grupos de traballo. Tamén dende a transparencia, ao desterrar prácticas de negociacións entre cúpulas de partidos abrindo de par en par as conversas de confluencia ao coñecemento da cidadanía; e dende a participación, ao facilitar que cada unha das persoas que quixese tivera a oportunidade de tomar a palabra e participar das decisións.

Ourense en común, aceptando o seu mandato municipalista, non é alleo á importancia que ten a política en ámbitos superiores e como isto afecta ás veciñas e veciños de Ourense. É por isto que, ante a convocatoria de vindeiros procesos electorais contribuiremos dende a colaboración con aquelas candidaturas fieis a estes principios básicos de horizontalidade, transparencia e participación.

Asemade un proceso que OUeC poida acompañar deberá cumprir os seus principios políticos básicos: unha xustiza social que garanta a vida digna para todas as persoas, a loita pola igualdade de xénero, o impulso dunha economía próspera, xusta e sustentable, e a aposta decidida pola renovación democrática dende o compromiso ético e a xestión transparente.

OUeC constata que, alá onde os procesos de confluencia foron comprendidos na súa esencia, convertéronse na alternativa gañadora. Isto debeuse a que foron entendidos en pé de igualdade por todas as forzas políticas que decidiron traballar por eles. É así, aparcando as siglas e os nomes e antepoñendo as ideas comúns, como un novo proceso de confluencia pode ser a casa que dea acubillo ás persoas que sintan a necesidade dun cambio nas políticas do Estado e do País.

Dende a humildade de saber que OUeC non é a ferramenta definitiva nin os inventores dos procesos de confluencia, contribuiremos a axudar a que a realidade dunha candidatura que englobe ao maior número de forzas cidadás e políticas, capaces de articular ese cambio, sexa posible.

Sométese ao referendo da asemblea. Apróbase.

- **Propónse a participación e apoio de OUeC nas Marchas da dignidade.**

Sométese ao referendo da asemblea. Apróbase.

Preséntase o cronograma destas:

- ➔ 19 de setembro (Universidade da Coruña): preparación cronograma Marchas da Dignidade
- ➔ 8 de outubro ás 20h (Subdelegación do goberno de Ourense): Concentración
- ➔ 24 de outubro: Ocupemos o Obradoiro
- **Faise un chamamento colectivo a convocar unha asemblea monográfica para tratar o posicionamento de OUeC na escala supramunicipal tal e como foi acordado trala aprobación do Código de Goberno.**

GT LEGAL E FINANZAS:

Dáse conta dos seguintes puntos de traballo:

- **Local OueC (As Burgas): noméase unha coordinadora** para implementar o acondicionamento (reforma+adaptación) do local. Este deberá estar listo aproximadamente para fins de outubro.

- **Contabilidade OueC:** infórmase do estado contable:

Conta de campaña: 1758,93€. Previsión subvención 3805,00€.
descontando microcréditos 805,00€ destinados á conta do partido

Conta do grupo municipal: 5831,19€

Conta da asociación OueC: 180,11€

Conta do partido: 192,00€

Resta por pagar o vinilo do local do grupo municipal (metade do gasto PSdeG) e selo OUeC (42,35€)

- **Protocolo de gasto** será necesario cubrir e entregar ao GT Legal e Finanzas o seguinte formulario:

<https://drive.google.com/open?id=1JVeViWFRB9TTJdjgsC8azoKx85S5LJBqh2MEkLKsAlo>
- **Proposta de protocolo de gasto de desprazamento** apróbase por consenso o pago de dietas de desprazamento sempre que este sexa froito ou encomenda da asemblea OUeC ou dos GT. Se a persoa beneficiaria da compensación renuncia ao importe esta será tratada como doazón ao proceso municipalista OUeC.
- **Consello Municipal de deportes (CMD):** a encomenda lanzada a este grupo para o monitoreo e fiscalización das actas considérase excesivo para o GT polo que convídase a toda asemblea a axudar nesta tarefa.
- **Compromiso redución 25% do salario das concelleiras segundo o aprobado no Código de Ética Política.** En proceso.

GT MEDIACIÓN:

O grupo non tivo oportunidade de reunirse esta semana e ten pendente as seguintes encomendas: implementación de mecanismos para maior participación - curso formación OUeC + encontro lúdico.

GT RELATO E ANÁLISE:

Dáse conta dos seguintes puntos de traballo:

- **Mesas sectoriais:** en procesos de reactivación. A primeira será a de Urbanismo o próximo 22 setembro ás 16h local OUeC As Burgas
- **A encomenda para implantar o grupos de Acción Directa** está pendente e deberá redefinirse posto que a súa actividade non dependerá en exclusiva de Relato.
- **Dáse conta do protocolo de mocións aprobado e a implementación da ferramenta Loomio.**

GT COMUNICACIÓN:

Dáse conta dos seguintes puntos de traballo:

- Protocolo e estratexia de comunicación: pendente
- Necesario inventario xente activa no GT
- Necesaria análise e avaliación situación OueC post-electoral
- Proposta de nomeamento de Antía Pousa Pérez como voceira OueC para o tratamento de temas non ligados coa actividade intitucional.

GT INSTITUCIONAL:

- Darase conta da súa actividade en asemblea extraordinaria monográfica o 29 de setembro.

2.) Petición de revogación cargo eventual de OueC:

Perante a petición de revogación do cargo eventual aprobado en anteriores asembleas aplícase o **Protocolo de Toma de Decisión en asembleas**

(<http://ourenseencomun.info/documentos/estructura-organizativa/>)

- 1) Defensa da petición revogación:
<https://drive.google.com/file/d/0B6EH8wCTHq4mc2xIUzNQR0YwODA/view>
- 2) Defensa da decisión tomada polo Comité de Selección:
 - Non se valorou a cantidade ou cualidade dos items, só e como aparecía no regulamento, valorouse en código binario: participou si/non
 - Malia a non marcar ese item existían outros non valorados: doazóns a OueC
 - Non se recollía no regulamento a necesidade de convocatoria e esta foi feita procurando escoitar e dar voz ao máximo número de persoas posibles.
 - Todas e cada unha das decisións tomadas polo Comité partiron do regulamento aprobado pola asemblea. Non houbo subxectividade posible. Se consensuamos no regulamento debemos consensuar o resolto.
- 3) Apertura dunha quenda de reflexión asemblearia.
- 4) Sométese a votación a proposta de revogación e ao non acadar o mínimo apoio suficiente decae a proposta.

3.) Outros

- Dende o GT Institucional preséntase a seguinte proposta de **modificación do documento Estrutura Organizativa:**

Proposta de engadido para o documento de Estrutura Organizativa:

Engadir en cada Grupo de Traballo a Figura "Enlace co GT Institucional". Esta persoa será actuará como enlace entre os diferentes grupos co GT Institucional coa finalidade de axili-zar a comunicación e ser máis eficientes cumprindo co ritmo de traballo que impón a adminis-tración pública.

A persoa integrante do GT Institucional asistirá ás xuntanzas do GT que lle correspon-da como enlace e formará parte das canles de comunicación establecidas para cada grupo. Nestes encontros persoa integrante do GT Institucional terá voz pero non voto.

Sométese a consenso. Apróbase como engadido a estrutura organizativa actual que permitirá unha dobre comprobación e aumentando a dilixencia dos grupos.

- Proposta organizativa: Creación e posta en funcionamento do Grupo de traballo no ámbito supramunicipal **GT Cooperación de OueC**
<https://titanpad.com/9H8JAKwrDI>.

Decae por non existir ningunha persoa que defenda a proposta en asemblea.

4.) Próxima asemblea

- Asemblea extraordinaria a petición do GT Institucional: 29 setembro
- Asemblea monográfica supramunicipal: mesa redonda reflexiva semana do 7 ao 13 de outubro
- Asemblea ordinaria: semana do 12 ao 16 de outubro

Levántase a sesión ás 22.30h